



#moito que dicir

É unha actividade dirixida a mellorar as destrezas orais da mocidade en contextos formais e informais, fomentar a investigación e a reflexión, o debate sobre temas de actualidade e o traballo en equipo.

Crea espazos de socialización e convivencia para activar a lingua a través de xornadas de formación, traballo de investigación e ensaio, e intensas xornadas de debate con espazos para o lecer.

Orientada a estudantes de 3º e 4º da ESO e 1º de bacharelato, coa axuda de profesoras e profesores que preparan os equipos.

A lingua actívase en moitas horas de investigación, organización do traballo en equipo, ensaios para o manexo das ideas e argumentos a favor e en contra dos temas obxecto de debate. Tamén se usan ferramentas informáticas e de apoio á exposición oral.

Organízase por iniciativa dos concellos, a través dos SNL, que cada ano deciden renovar a convocatoria e xestionar o desenvolvemento.

Realízase mediante:

- o traballo colaborativo dos SNL municipais,
- o tempo e enerxía que o profesorado inviste no traballo cos equipos e
- as ganas da mocidade máis voluntariosa do país de mellorar as súas competencias lingüísticas.

Artéllase en:

- Fases de zona segundo os equipos anotados e os concellos que organizan:
 - Xornada de formación en habilidades comunicativas.
 - Xornada de debates abertos ao público: todos os equipos inscritos debaten unha vez a favor e outra en contra sobre un tema acordado con anterioridade.
- Final, con debates abertos ao público. Participan os equipos clasificados nas fases de zona.

PREMIOS:

En cada zona: dous premios de contido cultural, un primeiro valorado en 500 € e un segundo valorado en 300 €

Premio final: viaxe multiaventura de fin de semana para 20 persoas

UN XURADO EXPERTO en lingua e comunicación valora en cada debate, para cada equipo:

Calidade lingüística
Espontaneidade
Corrección oral
Xestualidade
Traballo en equipo
Xestión do tempo
Seguridade persoal de quen fala
Xestión das solicitudes de intervención do equipo contrario
Manexo de datos e material de apoio
Razoamentos lóxicos
Variedade da linguaxe
Capacidade de convicción
Entusiasmo ...

